

BOBAS&GALLEGAS **(Mofa&Befa no Século de Ouro)**

Un dúo cómico procedente dos límites da delincuencia, Mofa&Befa, foron detidos o ano pasado en Almagro tras inflinxir dolorosas feridas ao inmortal Shakespeare.

Postos en liberdade por un erro xudicial, saen da cárcere onde os reclusa a crítica e regresan a Almagro para saciar a súa sede de vinganza. ¿Quen é a vítima? O inocente teatro clásico español.

Aproveitando o seu acento, fanse pasar por criados galegos e desgástanse cínicamente en xenuflexións e reverencias para gañarse a simpatía do público. Na cárcere adquiriron unha enfermidade de transmisión textual que lles obriga a falar en verso. Tanto lles da a redondilla como o romance, aínda que non lles fan ascos ao agridoce sabor da silva.

¿Cales son as súas armas? Dous fouces de segador que cortan por igual os trigos e os tópicos.

Poden transformarse, para lograr os seus fins, en anxos ou demos, cabaleiros ou bufóns, bobas ou galegas.

Quico Cadaval

Documento confidencial.

Mofa&Befa é un comando de comedia contemporánea que comprobou as súas armas nos máis hostiles campos de batalla como bares, universidades, festivais vascos e/ou de teatro clásico, resultando sempre con simples rabuñaduras ou feridas leves.

BOBAS&GALEGAS é un percorrido gozoso polos argumentos, ocupacións, preocupacións e industrias dos criados do século de Ouro, clase social que, de todos os traballadores manuais, foi a que contemplou dende máis cerca o poder, o seu ouropel, a súa erótica e a súa vanidade.

MOFA&BEFA cáense con todo o seu instrumental de paiaos nocturnos nun camiño solitario do século XVII castelán. Servindo a un tópico equivalente ao da aptitude natural dos negros para a danza, o galego demostra un talento natural para a obediencia e o servizo. Isto , que o faría idóneo para a práctica das armas, está benéficamente atenuado pola covardía, virtude que o empuxa ao máis incruento campo do servilismo e a curvatura lumbar.

Cando Mofa&Befa chegan aos áureos pazos de Madrid e Sevilla, fuxindo das guerras e da fame climática da súa terra, só valorados pola súa discreción, o seu descoñecemento do idioma, que ás veces pode parecer idiotéz, polo seu cumprimento irreflexivo e amoral das tarefas encomendadas e unha vontade de servir que non sempre resulta utilitaria.

OS PRECEDENTES: SHAKESPEARE PARA IGNORANTES

Mofa&Befa, coa erudita e irritante colaboración do Doutor Cadaval, saliron moitas veces do top-cabaret que lles viu nacer e adentráronse en territorios como o da literatura apocalíptica, profana e sagrada , no espectáculo FINISMUNDI CIRCUS. Tamén coquetearon coa explosión psicótica do Romanticismo en MOFA&BEFA ROMÁNTICOS! E que acercáronse, no seu traballo máis destacado, SHAKESPEARE PARA IGNORANTES, á maior aventura do espírito humano que é a obra do Gordo de Stratford, como eles din. A obra de Shakespeare é un mundo que permite multitude de calas e prospeccións sen sufrir danos irreparables na súa laberíntica integridade. Esta elasticidade permitiu que a obra de Shakespeare continue en bo estado para o consumo aínda despois de sufrir agresións ao seu sistema inmunolóxico como as interpretacións de Hamlet por motoristas australianos, versións do centro dramático galego, películas de Zefirelli, ou aquel Tito Andrónico do templo de Debod nos anos 80...e sobre todo resistiu miles de tesis doutorales, notas de pé de páxina, estudos introductorios, congresos universitarios, miles de publicacións, centos de miles de sinistros programas de man e incluso, máis de trescentos libros adicados a dubidar dea súa

existencia ou lexítima autoría. Mofa&Befa, lanzáronse á carnavalesca execución das obras do autor coa conciencia tranquila de que non lle farían demasiado dano. A tentativa, aínda que disimulada polo eficaz cinismo dos comediantes, tiña a moi alta misión de demostrar que os comediantes, os actores e as actrices, teñen unha chave para abrir os máis delicados cofres da obra de Shakespeare que están fora do alcance de calquera erudito. Á parte da busca a cegas e a xordas que é facer vibrar un texto a través do carnal talento do actor, en SHAKESPEARE PARA IGNORANTES impugnose o tópico de que hai que prepararse antes de asistir a unha función dos clásicos, unha especie de carnet do espectador, tamén fíxose unha selección consciente de textos ignorados do autor ou minusvalorados. Alí resoplaban Cimbelino, Pericles ou Medida por medida, tan afastados do canon. Foron elixidos precisamente porque a pegada do erudito ou do prexucio cultural non estaban influindo na lectura da obra. A experiencia teatral era pois honesta, os espectadores vían o que pasaba. Incluso algunhas persoas con sólida formación confesaron que se falaba de obras que non coñecían en absoluto. A operación foi un éxito e recibiu diversos premios dos que o máis destacado é a presenza no Corral de Comedias de Almagro, ao socaire do seu festival internacional. De aquela noite memorable de xullo nace este proxecto: MOFA&BEFA serán [BOB@S](#) & GALEG@S.

BOBAS & GALEGAS

Unha persoa, que quere manter o seu anonimato, propón a Mofa&Befa e aos seus cómplices habituais, que realicen unha operación parecida a SHAKESPEARE PARA IGNORANTES cos clásicos casteláns do Século de Ouro que serven de alimento e coartada ao hedonista festival de Almagro. Os grandes (e os pequenos) do teatro español poden proveer a dous cómicos cínicos, díscolos e cósmicos como Mofa&Befa de tanto material e, quizais, de máis detonante teatralidade que a escea isabelina. Os cómicos aceptan o desafío inspirados polo académico epígrafe de Tontas e Galegas, que lles servirá de motor de busca. A principal diferenza estrutural con SHAKESPEARE PARA IGNORANTES é a desaparición física do antagonista. O erudito a bater xa non está en escea e os comediantes disparan na escuridade. Os persoaxes sobre os que xirará a aventura son os criados e outros roles utilitarios. Os criados do Século de Ouro español son os persoaxes máis matizados, máis complexos, máis reais e máis perspicaces de toda a nómina teatral da feliz escea da corrala e do xardín barroco. Asisten e acompañan as peripecias dos seus amos con unha capacidade extraordinaria para facer e contemplar as súas accións ao mesmo tempo. Os criados do século de Ouro exploran ata a minucia os bieses, as dobreces e as nouances infinitas que ten a relación amo-criado, as relacións de dominación, vasalaxe, humillación, complicidade, ambigüedade, ósmosis, mímesis, simbiose, parodia e a inevitable inversión de roles que sempre aparecen nas boas

comedias, e que desde a inocencia fálanos da igualdade esencial dos seres humanos, idea impronunciábel en aqueles tempos por outro medio que non fose o teatro.

A conciencia da súa propia teatralidade converte a estos servos en conductores perfectos da ficción. Podemos recordar os criados de *O Máxico Prodixioso* que se converten nunha sorte de locutores deportivos prestos a narrar o martirio dos seus amos, ata que se dan conta do perigo que corren de ser tamén protagonistas dunha morte gloriosa, por unha cuestión retórica, non de convicción. Saben, como se pronuncia en *O Galán Fantasma*, que os criados deben acompañar a os seus amos a cualquier lugar que vaian, aínda que sea tan pouco apetecible como a gloria eterna. Estes criados de mártires cristiáns son os primeiros insumisos explícitos a esa condición de animal doméstico que se lle supón ao criado. Outro dos temas que aparecerán no espectáculo será o do Amor, forte asunto. Ao acompañar a criada á dama e o criado ao galán, automatizan, miméticamente unha relación amorosa, e non hai nada máis cómico que mostrar o que hai de autómatas nun sentimento tan singular e prestixioso como o amor. Os señores aman e os servos van “a onde vai a xente”. Hai algunha comedia onde , ao cambiar o amo de dona, abandoa o seu criado á súa moza anterior sin pasar os rituais da ruptura ou o desamor. Nestos tempos, tamén aparece a democratización do amor, que se consideraba unha actividade de ocio, propia, por tanto, de señores, e neste momento aparecen, ardentes sirventas e menestrais que aman e requebran como propios Garcilasos. E isto, que os pobres amen, é trama cómica por moito que nos pareza natural agora.

O servilismo, con estes fenómenos, pasou de ser unha lacra social a un arte. Os autores do corral castelán complácense mostrando como o criado aprende e mostra a superficie da súa humillación e mantén, para su foro interno e os seus apartes ao público, unha magnífica soberanía que defende heroicamente seguindo a máxima cervantina “Baixo a miña capa, ao rei mato” ou o refrán popular galego “Na miña pirola non manda ninguén”. Aliado co público, que por convención acepta que o servo vale sabe máis que o amo, o criado manipula a acción e manda como un paternalista director de escea que só admira do seu amo, do seu actor, o vestiario e a beleza da voz. Esta inversión, esta especie de xustiza poética social ou loita de clases incruenta, este “que saiba mandar o criado, que o bo amo saiba obedecer” foi fonte de praceres para o público.

Todos istos criados foron necesarios precedentes de Sganarelle, de Jacques, do servidor de dous amos, do criado Matti, do sirvente de Losey e de todos os ganapans que atravesaron a historia do teatro e da imaxinación humana depositada na confusa conciencia dos comediantes, esos que non sabemos desde onde veñen, “do lugar máis próximo” din eles, nin a onde van, “ao sitio máis cercá” din eles.

EN POUCAS PALABRAS: CAL É O ASUNTO?

Mofa&Befa, cómicos ruins viaxan ao século XVII polos métodos que o respectable ou a directora do festival prefiran, nunha máquina do tempo, polo burato de Alicia, penetrando o oco dunha mámoa, abducidos polos antepasados, montados en Clavileño, a bordo do barco de Brandan, atravesando un “burato de verme”, nun soño hipnótico, sometidos a unha broma pesada, atrapados nunha conspiración con golpe na cabeza do xénero do Enrico IV, nun cuarto escuro do Panorama Bar de Berlín, nun programa solipsista como o show de Truman ou a vida é soño, ou nun episodio de turismo mental. A eles non lles importa, saben que todo iso non son máis que signos convencionais.

Cáense pois nun camiño que ven do lugar máis próximo e diríxese ao sitio máis cercán. Como están nun tempo histórico resulta que é verán e están nunha peregrinación de galegos e galegas que, armados de fouces como os antigos druidas, diríxense a gañar o xornal na sega do dourado trigo castelán. Atrás queda una terra queimada por dúas guerras e asombrada pola sombra da morte. Bendicen os seus fouces e adéntranse no océano da meseta. Nunha mala encrucillada equivócanse e acaban na corte, buscándose a vida.

¿Por qué galegos? Por dúas boas razóns. Os actores xa o son e poden recibir un premio polo traballo de acento tan valorado pola profesión. E por razóns históricas, case todos os criados da época en Madrid eran galegos, e por iso fixéronse proverbiais do traballo manual. Desexados e temidos Mofa&Befa darán unha demostración de gran utilidade que podería considerarse un curso de aptitude para ser criado. Unha galería de criados aparecerá máxicamente ante os ollos dos espectadores como nun mercado árabe. Esceas onde aparecerá o verso, que antes solo sonara nos cánticos de segadores, un verso que enseñorearase do texto como unha nova cárcere, unha nova servidumbre, un verso que lles provocará nostalxias da honesta, libre, tosca prosa.

Siguindo aos seus amos sepáranse por primeira vez. A un tócalle vivir “A estrela de Sevilla”. Ao outro “O Galán Fantasma”. Dúas experiencias que resultan do máis reveladoras polo que ten de dureza moral e brillantez dramático. Os dous criados de estas obras teñen uns caracteres singulares que lles permiten ter breves fulgores de protagonismo e de intensa humanidade. O un, acompaña ao seu amo criminal á cárcere. Ata aquí todo normal. O criado segue o camiño do amo. Pero o crimen do Sancho é demasiado horrible. Matou ao seu amigo, matou ao seu futuro cuñado, a súa amada ódio. A súa pobre mente de galán de teatro clásico español, non está preparada para os efectos

secundarios do seu acto. O trastorno psíquico unido o aspecto penoso da cárcere faille creer que está no inferno. O criado galego, fino psicólogo, decide non contrariar o delirio e, polo contrario, estimularlo convertíndose nun divertidísimo demo freudiano que lle describe todo o inferno cos seus distintos grupos parlamentarios, que, previsiblemente, sitúa no público. Unha escea de sátira social e risa carnalesca ao lado dun persoaxe que está no terreo da traxedia.

O outro criado, que se ve atrapado na trama de “O Galán Fantasma”, experimenta a maior emancipación de todos os criados de Calderón de la Barca. Chega a sentir tal individualidade, tal autonomía, unha capacidade tan grande para vivir sen ser adxetivo do seu amo, que participa nunha conspiración para asesinalo. A cambio de diñeiro, naturalmente. Non ten nin a disculpa ennobecedora do odio. Candil convértese nun persoaxe antipático e acéptao de grado. Segue a mecánica, toma outro amo, enamórase da criada da dama de seu amo, corta fríamente coa anterior e como moderno psicópata non mostra o menor remordemento. Ata que o amo, o seu antigo amo Astolfo, comeza a aparecerse despois de morto.

Cuando se reencontran os dous criados, tiveron experiencias que servirían para converter ao máis testarrudo dos incrédulos. Un estivo unha temporada no inferno e o outro viu fantasmas cos seus propios ollos. A eles non lles cambia porque dende nenos están acostumados a estas experiencias nas brumosas aldeas natais. Como moito comentan os fenómenos prodixiosos como se fosen esixentes gourmets do sobrenatural. Esta sangue fría ante o máis alá lles leva ao Auto sacramental. “As visións da morte” de don Pedro Calderón lles permitirá mostrar o seu cómodo manexo do sobrenatural.

Todo lles leva fatalmente ata o teatro. Alí encóntranse con unha figura que non recoñecen: a galega. Un persoaxe encarnado por homes que non sabían dicir o texto e gritábano e que imitaban brillantemente animais e defectos de expresión vogal, que polo visto lles facía idóneos para o rol. Os asombrados segadores non recoñecen na monstruosa composición as súas irmás e nais e veciñas e afastadas noivas. E deciden converterse para sempre en bobas e galegas e dignificar aos seus compatriotas. O resultado pode ser pavoroso. Nalgún momento aparecerán de novo nun camiño que ven do lugar máis próximo.

FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

Elenco Artístico:

Mofa & Befá (Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira)

Autor:

Quico Cadaval sobre textos de Calderón, Lope, Benavente e Zamora

Escenografía e Iluminación:

Baltasar Patiño

Asesor de Verso:

Jesús Aladrén

Fotografía e Deseño Gráfico:

Marcelino de Santiago, “Kukas”

Producción:

Rubén G. Pedrero

Dirección:

Quico Cadaval

Fecha e lugar da Estrea:

4 de xullo de 2014 – Corral de Comedias de Almagro

Duración estimada:

100 minutos

Comunicación e Distribución

Rubén G. Pedrero

981.577.466 – 618.752.105